PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000910	CPR Plurilingüe Casa de la Virgen	Cangas	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introdución

A materia de Latín de 4.º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais que non poden recibir nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia.

Esta programación priorizará os contidos de natureza lingüística, que representarán o 70 % do peso na cualificación final, fronte aos contidos de tipo históricos, social, cultural, etc., que representarán o 30 %.

A distribución de unidades didácticas merece tamén unha breve explicación. Parece conveniente introducir a materia dando ao alumnado unha serie de coñecementos de referencia que lle permitan contextualizar os contidos dos textos aos que vai acceder a través dos coñecementos lingüísticos que adquira neste curso. É por isto que se propón concentrar no inicio do ano académico unha serie de unidades didácticas que teñen como finalidade dotar ao alumnado destes coñecementos básicos. Isto non supón que estes aspectos non volvan ser tratados posteriormente durante o curso. Todo o contrario, este coñecemento básico inicial sobre a historia de Roma, formas de goberno, etc., facilitará que o alumnado poida entender e acceder mellor aos contidos dos textos, tanto en latín como en tradución que sexan obxecto de traballo.

En canto ao peso das unidade didácticas, hai que salientar que a partir da UD5 incluída van incrementando o seu valor. Isto é así porque os contidos lingüísticos requiren, normalmente, a aplicación dunha avaliación progresiva, dado que os contidos dunha unidade son tratados na seguinte e así sucesivamente. Así pois, o conxunto das unidades didácticas que conforman a 2.ª e 3.ª avaliacións achega o 70 % da cualificación final e, ademais, entre elas estarán ponderadas, aportando a 3.ª sempre máis cá 2.ª.

Evidentemente, tanto o número, o peso e a secuenciación das unidades didácticas poden ser modificados facilmente por cada persoa docente.

Fica, finalmente, un aspecto por tratar: o alcance dos contidos gramaticais. Á hora de elaborar esta programación partiuse dunha dobre premisa. Por unha banda, a materia de Latín de 4.º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato. Por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar, porén, a aprendizaxe non reflexiva da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, o caso, mais non todos os modelos flexivos do nome. Na morfoloxía verbal non irá máis alá dos tempos simples e da voz activa, se ben se pode introducir marxinalmente a voz pasiva para explicar formulas ou expresións idiomáticas. Déixanse para outros cursos, pois, as formas non persoais do verbo, coa excepción de infinitivo de presente activo e un primeiro achegamento ás construcións de infinito con acusativo. Tamén estarían fóra dos obxectivos deste ano a gradación do adxectivo, dedicándose, en cambio, moito tempo ao uso correcto das preposicións, conectores básicos (os de coordinación en xeral e, dentro da subordinación, quia, cum e dum con indicativo) e os adverbios (aquí incluída a súa formación). Con este deseño da programación o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

Lémbrase que os contidos gramaticais concretos que se establecen como horizonte nesta programación modelo poden ser reducidos e/ou ampliados por cada persoa docente tendo como única limitación o establecido na lexislación vixente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3		1-2		1-2		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1	1-3		1-2	3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1	3-4	4	2-3		1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2-3-4				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-2-3		1-4		1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A civilización latina. Perspectiva histórica e legado.	Nesta UD hase procurar un achegamento á xeografía, historia, sociedade, sistemas políticos e manifestacións artísticas de Roma dende un punto de visto crítico, destacando, por unha banda, aqueles	8	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A civilización latina. Perspectiva histórica e legado.	aspectos positivos da civilización romana que poden servir de modelo para a sociedade actual, sen ocultar, pola outra, todos aqueles outros que entran en conflito cos valores dunha sociedade libre e democrática. Hase facer tamén unha especial referenza ao concepto de humanismo e á recuperación do mundo clásico a partir do século XIV. Paralelamente hase insistir na importancia do legado do mundo clásico na sociedade europea e occidental en xeral: sistemas políticos e institucións, artes en xeral (especial referencia á importancia da mitoloxía nas artes plásticas).	8	7	X		
2	Introdución á lingua latina.	Nesta UD preténdese introducir aspectos básicos da lingua latina: orixe, parentesco con outras linguas europeas e do resto do mundo, abecedario, pronuncia, evolución do latín ás linguas románicas peninsulares, diferenzas entre palabras patrimoniais, semicultismos, cultismos e latinismos.	5	8	X		
3	Introdución a aspectos básicos de gramática.	Nesta UD preténdese que o alumnado repase dun modo básico conceptos elementais e xerais de morofoloxía e sintaxe adquiridos noutras materias e que se familiarice con novos conceptos. É importante entender que o obxectivo é fundamentalmente consolidar coñecementos adquiridos noutras materias, establecendo equivalencias en caso de discrepancias terminolóxicas e procurando facer comprender categorías gramaticais alleas ao alumnado como é o caso.	3	10	X		
4	Lingua latina I.	Nesta UD o alumnado toma contacto por primeira vez coa lingua latina a través da lectura de textos adaptados. É fundamental o traballo de lectura, acentuación e pronuncia correctas, para que dun modo natural o alumnado vaia consolidando unha memoria auditiva das palabras de uso habitual. En morfoloxía nominal hanse tratar os xéneros, casos nominativo, xenitivo e ablativo, en substantivos e adxectivos da 1ª e 2ª declinacións nos números singular e plural. En morfoloxía verbal o presente de indicativo do verbo sum e dos verbos da 1ª, 2ª e 4ª conxugacións nos números singular e plural. Será moito importante xa dende o principio asociar os casos aos pronomes-adxectivos interrogativos. Paralelamente hase adquirir a través do uso e da práctica o primeiro vocabulario latino, con especial atención a preposicións e	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Lingua latina I.	conectores.	10	10	X		
5	A civilización latina. Perspectiva literaria e legado.	Nesta UD preténdese un achegamento á literatura latina no seu conxunto e á importancia da lingua latina como vehículo de expresión non soamente da literatura senón de toda actividade humana, con incidencia especial na lexislación e saber científico. Paralelamente hase ver a influencia da literatura clásica no presente e traballar técnicas básicas de comentario de texto histórico-literario sobre textos clásicos breves en tradución.	10	7		X	
6	Lingua latina II.	Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical na morfoloxía nominal hase tratar o caso acusativo en singular e plural nos substantivos e adxectivos da 1ª e 2ª declinacións. En morfoloxía verbal o presente de indicativo dos verbos da 3.ª conxugación. Paralelamente hase seguir a adquirir a través do uso e da práctica o primeiro vocabulario latino, con especial atención a preposicións, conectores e adverbios.	12	10		X	
7	Lingua latina III.	Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical hanse tratar: 1. Na morfoloxía nominal o vocativo e o dativo con repaso completo do paradigma da 1.ª e 2.ª declinacións. Farase aquí tamén unha sistematización do pronome is ea id, introducido progresivamente nas UD anteriores, e un repaso sistemático do pronome interrogativo qui/quis, quae, quod/quid, fundamental para consolidar o uso dos casos. 2. Na morfoloxía verbal o imperativo de presente das catro conxugacións. Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores, con especial atención a preposicións, conectores e adverbios.	12	12		X	
8	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	Nesta UD preténdese que o alumnado domine de modo automático unhas mínimas fórmulas básicas da lingua latina como o saúdo, a despedida, frases para expresar que non entende algo, que quere que se repita, fórmulas de petición de permiso para ir ao baño, saír da aula, etc. O obxectivo é que interiorice certas	5	7		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	expresións idiomáticas asociadas a determinados contextos. Aquí pódense introducir aspectos como as cores, os tamaños, etc, sempre vinculados a preguntas e respostas básicas na vida diaria. O que se propón é a integración na aula do AIM (Método Integrado Acelerado), que relaciona palabras e expresións a contextos e, sobre todo, xestualidade. O aprendido nesta UD é moito importante de cara ao resto do curso, porque supón o soporte da comunicación básica na aula entre profesorado e alumnado.	5	7		X	X
9	Lingua latina IV.	Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical hanse tratar: 1. Na morfoloxía nominal a 3.ª declinación (parisílabos e imparisílabos de xénero non neutro). 2. Na morfoloxía verbal o pretérito imperfecto. 3. Afondamento no uso das preposicións, adverbios e conectores. Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores.	12	12			X
10	Lingua latina V.	Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical hanse tratar: 1. Na morfoloxía nominal a 3.ª declinación (neutros e adxectivos tipo breuis -e); a sistematización dos adxectivos 2-1-2; 3-3, 2. Conxuncións temporais CVM e DVM. 3. Afondamento no uso das preposicións, adverbios e conectores. Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores. A nivel sintáctico hase introducir a construción de acusativo con infinitivo.	15	12			X
11	Aproveitamento da lingua latina para unha mellor expresión.	Neste UD preténdese un achegamento á lingua latina como ferramenta para mellorar a comprensión das linguas coñecidas polo alumnado e a súa capacidade de expresión, tanto oral como escrita, tanto na lingua propia como noutras nas que se poida expresar. Especial atención a prefixos e raíces, e aos latinismos máis frecuentes.	8	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A civilización latina. Perspectiva histórica e legado.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	PE	85
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.		
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma e os acontecementos e personaxes máis salientales dos mesmos, relacionando os datos con referentes actuais.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas máis salientables da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando a importancia da súa conservación.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións artísticas máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	TI	15
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado da civilización romana , seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
2	Introdución á lingua latina.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	PE	80
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	20
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos. - Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.

UD	Título da UD	Duración
3	Introdución a aspectos básicos de gramática.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.

UD	Título da UD	Duración
4	Lingua latina I.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.

Contidos
- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
5	A civilización latina. Perspectiva literaria e legado.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	PE	80
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	TI	20
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización romana , seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
6	Lingua latina II.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Amplíar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.

Contidos
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
7	Lingua latina III.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpreta textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Amplíar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.

Contidos
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
8	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.	PE	90
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	10
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.

Contidos
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
9	Lingua latina IV.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Amplíar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
10	Lingua latina V.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpreta textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Amplíar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.

Contidos
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
11	Aproveitamento da lingua latina para unha mellor expresión.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	100
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.

Contidos
- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Latín de 4.º de ESO debe, por unha banda, continuar a afondar na tradición clásica e ser, en certa medida, unha continuación da materia de Cultura Clásica para o alumnado que a cursase en 3.º de ESO, ou, no caso de que se cursen paralelamente ambas as dúas en 4.º, seren complementarias.

A programación que se propón segmenta o curso en dúas partes de desigual duración. Os primeiros catro temas están centrados en aspectos de historia, cultura, tradición, arte e historia da lingua. O que se pretende é que o alumnado consolide contidos que en teoría e na súa meirande parte xa coñece polo seu tratamento noutras materias, mais que agora cómpre refrescar e, sobre todo, relacionar.

A UD1 préstase para a utilización dunha metodoloxía mixta na que se mesture a explicación da/o profesora/- cos traballos e/ou actividades dirixidas. A elaboración de esquemas básicos de temporalización da historia de Roma ou das clases sociais, préstanse especialmente para que o alumnado utilice aplicacións ofimáticas que lle permitan presentar esquemas ou liñas de tempo en formato electrónico. A comparación e reflexión sobre as diferenzas entre o mundo antigo e o moderno pode favorecer traballos de reflexión escritos ou ben o debate guiado pola/o profesora/-. En todo caso, hai que entender que os contidos desta UD pódense tratar ben nunha unidade didáctica, como se propón aquí, ben distribuíndoos entre outras ou intercalando o seu desenvolvemento entre outros temas.

A UD2 segue na liña da anterior se ben centrándose na literatura. Neste curso é recomendable que a/o profesora/- faga unha breve presentación dos xéneros literarios do mundo antigo e propoña unha selección de fragmentos para que o alumnado poida ler e, despois, esta lectura dea lugar ben a traballos de reflexión ou a debates que teñan como eixo argumental a comparación entre os xéneros literarios modernos e os clásicos. É importante, tamén, que se fagan comentarios simples de textos, nos que se aproveite todo o coñecemento adquirido polo alumnado en materias como Lingua Castelá ou Lingua Galega. Máis cá lectura de textos afastados dos gustos do alumnado, como a épica ou a historiografía, sería unha boa idea apostar por textos de teatro, poesía intimista non recargada de referencias mitolóxicas (por exemplo Catulo nos seus poemas breves) e cartas curtas de natureza filosófica (por exemplo Séneca ou Plinio o Novo), que traten temas como as contradicións do amor, o paso do tempo, etc., que poden conectar co alumnado desta idade.

A UD3 debe fornecer o alumnado cunha visión de conxunto do latín (sincrónica e diacronicamente). Como nas unidades didácticas anteriores o profesorado pode combinar a explicación na aula con propostas de traballos en grupo ou individuais. A explicación das relacións das linguas do mundo en xeral e de Europa e a península Ibérica en particular débese facer dun modo breve, a través de exercicios de aula. É de fundamental importancia nesta unidade que o alumnado comprenda perfectamente a relación das dúas linguas habituais na nosa comunidade, galego e castelán, co latín a través dos conceptos de étimo, palabra patrimonial, palabra culta, semiculta e latinismo. Para isto é conveniente a realización de numerosos exercicios onde o alumnado teña que distinguir os tipos de palabras previamente mencionados. Un exercicio interesante sería a identificación destes tipos de palabras en textos de traballo seleccionados na UD2. Finalmente é preciso que o alumnado, tamén a través da práctica, desenvolva estratexias de reconstrución de palabras latinas a través dos seus resultados románicos en linguas como o castelán, o galego e o francés, do que a meirande parte do alumnado terá algún coñecemento. É especialmente importante destacar que non se debe procurar tanto o acerto completo na reconstrución do étimo, como a aplicación de leis fonéticas regulares. A UD3 tamén é importante porque aquí o alumnado debe tomar un primeiro contacto coa fonética da lingua latina, tanto no que atinxe ao valor das letras que integran o seu abecedario, como aos cambios na pronuncia que de letras e grupos de letras se produce durante a latinidade. Un exercicio estupendo e moi fácil de levar a cabo é o de mostrar ao alumnado como soaría, aproximadamente, un mesmo texto lido por un falante da Roma do s. I a. C. e por outro do s. V d. C. Finalmente sería importante facer referencia á pronuncia eclesiástica, que mantén un estado de lingua derivado da propia latinidade tardía.

A UD4 é o momento para explicar ao alumnado a grande cantidade de material lingüístico, especialmente prefixos,

que utiliza diariamente na súa lingua e que están tomados directamente do latín. A partir de exercicios nos que o alumnado identifique prefixos en palabras de uso frecuente, pode chegar a deducir o valor do prefixo e a entender a causa da súa presenza en palabras nas que a simple vista non se aprecia o seu valor. Tamén, co mesmo sistema de exercicio, pódese aprender ao alumnado o valor etimolóxico de certas raíces presentes en moitas palabras das linguas de referencia. Para isto é recomendable a creación de exercicios específicos nos que a/o docente individualice os prefixos e familias de palabras a traballar. Esta unidade didáctica pode ser secuenciada ao longo do curso e vinculada a outras. Aínda que na práctica a aprendizaxe do valor de prefixos, raíces e sufixos desenvólvese progresivamente, porén, parece aconsellable dedicar unha unidade didáctica a conformar uns fundamentos mínimos e, sobre todo, a desenvolver a capacidade de identificación e dedución a partir da comparación sistemática entre palabras que presentan un elemento común.

A UD5 é unha unidade basicamente de repaso, consolidación e reorganización de conceptos teóricos que o alumnado debe traer xa doutras materias. Aínda que o método de ensino de latín que se recomenda para 4.º de ESO incide na aprendizaxe activa e intuitiva da lingua, o alumnado en 4.º de ESO ten que dominar unha serie de conceptos teóricos morfo-sintácticos que deben ser repasados, unificados e consolidados: tipos de palabras, concepto de categoría gramatical, categorías gramaticais propias de cada tipo de palabras, diferenciación entre morfoloxía e sintaxe, funcións básicas das palabras, o concepto de oración composta, a diferencia entre coordinación e subordinación, tipos básicos de coordinación e subordinación. A isto hai que sumar, como novidade, o concepto de caso e declinación, que debe ser introducido dun modo simple para que, posteriormente, cando comece a usar e aprender a lingua latina, entenda por que dentro dunha mesma categoría gramatical perfectamente coñecida, como o número, unha mesma palabra en singular, por exemplo, presenta varias formas distintas (discipulus, discipulum, etc.). Aconséllase aquí termar do único resto vivo de declinación que subsiste en galego e castelán, o sistema pronominal, para facer entender que iso tan estraño a primeira vista é un recurso que o alumnado utiliza de modo natural nas súas linguas de repertorio.

A UD6 supón o inicio do contacto do alumnado coa lingua latina dun modo real e funcional. Aínda que neste modelo de programación aparece secuenciada entre a parte teórica e a práctica, pódese traballar nela dende o principio progresivamente, para que o alumnado dende o inicio do curso empece a utilizar expresións en latín relacionadas, fundamentalmente, coa vida escolar. Aquí habería que falar da metodoloxía AIM (Accelerative Integrated Method), que vincula a aprendizaxe de secuencias e expresións a situacións e, sobre todo, determinada xestualidade. Neste punto é preciso que o profesorado, previamente, dispoña dunha listaxe de preguntas, respostas, ordes, etc. ben organizadas para ir introducindo progresivamente no uso diario da aula.

As UD7 a 11 céntranse no tratamento dos contidos lingüísticos da materia. Nesta programación proponse un achegamento que tome como alicerce os métodos de aprendizaxe activa, que parecen especialmente acaídos para o primeiro ano de estudo da lingua latina. É por iso que se recomenda que a/o docente configure unha selecta de textos de dificultade progresiva, que o alumnado terá que ler e comprender. A lectura de textos de dificultade progresiva debe ir acompañada de exercicios orais e escritos de comprensión e expresión. En todo caso, ao final de cada unidade didáctica pode ser conveniente levar a cabo unha sistematización da gramática e vocabulario explicado.

Neste eido da lingua latina parece relevante comentar que o horizonte de contidos gramaticais que se utilizou como referencia foi o seguinte. Ao final do curso o alumnado debería coñecer e manexar con certa soltura: 1) a flexión nominal en todos os seus casos de substantivos e adxectivos da 1.ª e 2.ª declinación; 2) os pronomes persoais así como is ea id e o interrogativo quis/qui quae quid/quod; 3) a flexión verbal no modo indicativo nos tempos de presente e imperfecto e o imperativo de presente dos verbos das catro conxugacións, e máis os verbos sum, eo e fero; 4) o maior número posible de preposicións, adverbios e conectores de uso frecuente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO/S DE TEXTO
- Método tradicional ou gramaticalista: calquera libro de calquera editorial que oferte libro de latín para 4.º de ESO.

- Métodos activos:
AULA VIRTUAL
ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL
APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE
REDES SOCIAIS

- AULA VIRTUAL: A aula virtual debe ser o espazo de referencia no desenvolvemento de calquera materia, xa que nela hase recoller toda a información relevante que atinxa ao curso. Aquí deben estar a programación completa da materia, un resumo cos aspectos máis relevantes da mesma, o calendario e, sobre todo, o repositorio de recursos organizados por temas (materiais teóricos e/ou exercicios).
- ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL: Estes recursos xa son comúns nas nosas aulas. Son de especial relevancia naquelas materias ou partes da materia onde non se utiliza libro de texto.
- APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE: O alumnado debe estar afeito a traballar con programas e/ou aplicacións ofimáticas que lle permitan elaborar presentación, liñas de tempo, textos con imaxes, etc. É tamén importante insistir na conveniencia de traballar, no ámbito escolar, con programas ou aplicacións de licenza libre como a suite ofimática LibreOffice. Hai tamén que incentivar a creatividade e o traballo orixinal, premiando e valorando especialmente a capacidade de creación e elaboración de traballos orixinais.
- REDES SOCIAIS: É fundamental que se dispoña dunha rede social a través da cal o alumnado poida participar e desenvolver activamente aspectos da materia. A experiencia aconselle que se traballe cunha soa rede social, evitando así a dispersión, e que esta sexa de uso habitual por parte do alumnado.
- LIBRO DE TEXTO: As ofertas editoriais na materia de latín están marcadas por dúas circunstancias. En primeiro lugar, o descenso de alumnado conlevou unha perda de interese por parte de moitas editoriais en ofreceren un método para esta materia. Por outra banda, as editoriais que ofrecen unha proposta didáctica, normalmente parten da tradición gramaticalista que considera que o obxectivo da materia é dotar ao alumnado dun coñecemento amplo da gramática latina, apoiado nun sólido coñecemento de sintaxe, que permitirá que coa axuda dun dicionario ou léxico o alumnado traduza os textos.

Aquelas/es docentes que opten por un achegamento baseado nos métodos activos, poden tomar como referencia os citados nesta programación e que deseguido se comentan:

- Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; este é o 1.º libro do coñecidísimo método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Trátase dun material dunha calidade perfectamente contrastada, que dispón dunha grandísima cantidade de materiais complementarios en rede e que permite ao persoal docente que o empregue compartir experiencia cun grande número de docentes tanto en España como no resto do mundo. No seu debe, porén, pódese dicir que a historia que serve de fío condutor ao libro avanza con moita lentitude e que se pode facer ás veces aburrida.
- Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022. Conservando a ortodoxia do método de Orberg, esta proposta presenta un novo tema como fío condutor dos textos, a historia de Roma. Procúrase así superar un dos grandes defectos do método do profesor danés. Ademais, a elección da historia de Roma como núcleo temático permite vincular dun modo máis acaído a explicación ou tratamento doutros tipos de contidos (por exemplo, históricos). Os textos van acompañados de todo tipo de actividades e síntese gramatical ao final de cada lección.
- Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017. Este método, ben deseñado e traballado, procura claramente a aprendizaxe do latín como lingua de comunicación para a vida cotiá. Isto fai que traballe especialmente os diálogos, así como temas e campos semánticos moi vinculados á actualidade. É un libro que o profesorado debe coñecer, porque del pode obter un grande caudal de expresións e usos para mellorar a súa capacidade de expresión en latín na aula. En 4.º de ESO pode ser de especial utilidade na aula, se se opta por priorizar o uso activo da lingua.
- Le Latin, de C. Desessard, 2015. Esta proposta pertence á colección de métodos para aprendizaxe de linguas da editorial Assimil. Trátase dun clásico dentro dos métodos activos. É un método que o profesorado de latín debe coñecer e que poder aproveitar, especialmente, para se facer cunha grande cantidade de vocabulario para facer referencia á vida moderna.
- Curso de latín de Cambridge, editado pola Universidad de Sevilla. Trátase dunha adaptación ou versión española deste método británico. Pode ser unha moi boa opción para o profesorado que queira traballar en 1.º de bacharelato co método Orberg e que, por tanto, procure textos distintos dentro dunha mesma liña metodolóxica para 4.º de ESO.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.
2.º Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4.º de ESO Cultura Clásica.
3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
4.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
5.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
6.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos a/o docente debe elaborar un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións. En función do número de alumnado, partes deste test ou proba poden ser substituídas por un diálogo informal na aula, do que a información máis salientable debe ser recollida por escrito. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**5**	**3**	**10**	**10**	**12**	**12**	**5**	**12**	**15**
Proba escrita	85	80	100	88	80	88	88	90	88	88
Táboa de indicadores	15	20	0	12	20	12	12	10	12	12

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**100**
Proba escrita	0	**80**
Táboa de indicadores	100	**20**

Criterios de cualificación:

Nas cualificacións resase en conta os seguintes aspectos:

a) Exames escritos: 40%
b) Probas orais o escritas 30%

- Trabajos de búsqueda de información y

posterior exposición oral en el aula
c) Participación no traballo diario elaborando os cuestionarios e fichas de repaso 30%
A- Os exames escritos serán de 2 tipos

- EXAMES DE CULTURA E CIVILIZACIÓN (40% da nota de exames)

1. Monarquía, república e imperio romanos
2. Institucións políticas e exército
3. Familia e educación
4. Lecer e espectáculos

- EXÁMES DE CONTIDOS GRAMATICAIS (60% de la nota de exames)

1. Declinaciones y verbos
2. Evolución fonética.
3. Análisis morfosintáctico de oraciones y traducción
4. Expresións herdadas do latín

Esta planificación poderá ser modificada en función das dificultades de aprendizaxe do alumnado, así como poderá plantexarse a división do contido do primero trimestre en exams diferentes nos que sempre terá maior puntuación na nota final o exame máis próximo á avaliación por ser unha materia acumulativa.

- Na cualificación dos exames e probas escritas valoraránse sempre

A adecuación pregunta/resposta, a corrección formal e a ortográfica. Estes mesmos criterios adóptanse para avaliar o traballo de clase e os traballos monográficos.

- Nos traballos de exposición teráse en conta no só el nivel de corrección no proceso de investigación e elaboración do texto senón tamén a preparación previa do alumnado para poder explicar oralmente ao resto do alumnado os contidos, o material

de apoio aportado así como la corrección coa que responda ás preguntas derivadas do seu traballo e que puidan fser ormuladas a posteriori.
Serán cualificados con un 0 todos aquelles trabajos de búsqueda de datos y exposición que sexan el resultado de una mera copia de Internet ou dun traballo feito por algunha aplicación de I. A.
Os trabajos constarán dos siguientes apartados:

- Portada.
- Índice.
- Contido do traballo.
- Anexos (telemáticos o físicos) necesarios para a presentación oral.
- Bibliografía comentada.
- Contraportada (folio en blanco).

C- Actividades e cualificacións dos traballos cotiáns

1. Presentación de cadernos, traballos e exerciciosa

a) É oblrgatorio escribir a data e o enunciado dos exercicios ou polo menos, facer referencia ao que pide cada un deles.
b) Todo exercicio debe empezar a contestarse facendo referencia á pregunta e debe haber una correcta correspondencia pregunta/ resposta.
c) Terase en conta para a valoración as marxes, sangrías, signos de puntuación e caligrafía.

2. Participación e aportación ao bo funcionamento do conxunto da clase:

O alumnado deberá aportar colaboración no trabajo de aula, cooperación cos compañeiros, boa disposición para o traballo colectivo e individual, atención, presentación en tempo e forma correcta dos traballos e exercicios, etc.
Para superar a materia deberá obtener un 5 ou máis na terceira avaliación ,xa que nesta avaliaranse globalmente os contidos de

toda a materia ao estar suxeita a unha avaliación continua na que se van sumando contidos a medida que se progresa na aprendizaxe.

Criterios de recuperación:

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña en aplicación das fórmulas previamente expostas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será obxecto dun programa de recuperación específico.
O alumnado recibirá un breve informe cos obxectivos non alcanzados na avaliación, o procedemento para os recuperar (ben mediante proba, ben mediante traballo e/ou exercicios) e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios. No caso de que a avaliación non superada sexa a 2.ª, o alumnado recibirá un plan de traballo específico servindo as probas da 3.ª para a recuperar.

No caso de que unha/un alumna/o non aprobe o curso na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe no que se detallen os obxectivos non alcanzados, o procedemento para os recuperar e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:
- Colocación selectiva do alumnado dentro da aula.
- Agrupación específica do alumnado dentro da aula.
- Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:
- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.
- Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

O alumnado que curse de novo 4.º de ESO, será obxecto dun plan específico personalizado no que, a partir dunha valoración das súas necesidades específicas de apoio educativo, hanse especificar, de ser o caso, unhas medidas concretas de actuación e o seu seguimento.

A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.	X					X		X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.			X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín. 2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais. 3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro. 4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na UD1, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana. 5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano. 6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula. 7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamente e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo. 8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visualización da comedia de Plauto Miles gloriosus e da traxedia grega Antígona.	O alumnado verá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana.		X	X
Visita a un castro próximo á localidade e outros monumentos de época prerromana ou romana. de maneira física e virtual	O alumnado visitará un castro e/ou algún outro monumento de época prerromana ou romana coa finalidade de ver o contraste entre os modos de vida previos á chegada dos romanos e os que traen estes consigo.		X	X
Obradoiros e actividades relacionados co mundo clásico.	É especialmente recomendable á visita aos Ludi Compostellani que adoitan ser celebrados no mes de xaneiro na Facultade de Filoloxía da USC.	X	X	X

Observacións:

- Teatro. A asistencia ao teatro é unha actividade que permite traballar a un mesmo tempo distintos aspectos da materia. Por unha banda, o alumnado asiste a dúas representacións teatrais que, como espectáculo vivo, vai desencadear nel reaccións diversas; dende o rexeitamento e o aburrimento, ata o interese e paixón por un espectáculo, o teatro, que cada vez é menos accesible. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.
-Visita a un castro e/ou monumentos de época prerromana ou romana. Esta actividade permite que o alumnado poida ver dun modo directo os cambios que supuxo a chegada dos romanas a Galicia, observando os hábitos de vida e as modificacións introducidas polos novos conquistadores. Esta actividade é tamén unha grande oportunidade para a desmitificación de determinadas visións da chegada dos romanos a Galicia, en particular, e a Hispania, en xeral, para destacar, por exemplo, os métodos de sometemento brutais das poboacións autóctonas e a explotación sistemática dos seus recursos.
- Visita a un museo arqueolóxico. Esta visita é realmente complementaria á actividade anterior, podéndose desenvolver nunha mesma xornada se se visita un museo local. Parece especialmente recomendable a visita do Museo Arqueológico Nacional en Madrid.
- Obradoiros e actividades de recreación do mundo clásico. Este tipo de actividades permiten un achegamento máis distendido é práctico ao mundo antigo, dado que o alumnado non soamente ve, senón que tamén pode aprender dun modo práctico aspectos do mundo antigo tan interesantes e relevantes para a nosa tradición cultural como, por exemplo, a escritura sobre soportes como papiro e pergameo, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.
Metodoloxía empregada
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estabeleza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis ca persoa docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.
Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.
Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:
a. Resultados académicos do grupo.
b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados